



CONCLUSIÓNS RENDAS MÍNIMAS

Temos dereito á supervivencia e reclamamos que ao final de esta lexislatura as rendas mínimas sexan por fin accesibles, xustas e equitativas.

Todas as persoas que vivimos en España temos dereito a unha renda mínima de calidade, polo que se debe aumentar a súa cobertura incluíndo ás persoas maiores de 18 e 65 anos e especialmente a vítimas de violencia machista, familias con fillos ou con persoas dependentes, familias con unha muller sola ao cargo, etc.

Ano tras ano, seguimos denunciando a violencia administrativa, mal chamada burocracia. Non se pode permitir que os tempos de espera e a cantidade absurda de papeleo provoquen que miles de familias e persoas sigan en pobreza severa.

Non somos culpables da nosa necesidade, nos piden un exceso de documentación para demostrala e estamos cansas de recorrer diferentes oficinas e andar de 'tour' dun sitio a outro, moitas veces para nada.

O Ingreso Mínimo Vital e a RISGA deben ser compatibles e áxiles. Débense complementar ingresos de forma urxente, duplicarse o complemento de vivenda e valorando os coidados.

Debe ser digna a súa contía, para que poda realmente sacar ás persoas da pobreza, igualando a súa subida á do IPC, e ligándose a salario mínimo interprofesional.

Debe ser digna a súa xestión, os profesionais deben estar para apoiarnos no proceso e para mellorar a coordinación e comunicación entre departamentos públicos.

En definitiva, **as rendas mínimas deben ser canóns**, que impulsen ás persoas para que podan levar a cabo o seu proxecto de vida, saír da pobreza, acceder a unha vivenda e emprego dignos, e que o sustento non sexa unha preocupación. Non pode ser unha bola ao pe que arrastra, lastra, non cubre necesidades básicas e cronifica a pobreza.